

FICHA DE INSCRICIÓN

NOME _____

APELIDOS _____

NÚM. DE SOCIO SGAE _____

TÍTULO _____

DOMICILIO _____

CEP _____

LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____

TELÉFONO(S) _____

CORREO E. _____

ENVÍO DE MATERIAIS

Fundación SGAE. Departamento de Audiovisuais
c/ Bárbara de Braganza, 7. 28004 – Madrid

Delegacións Xerais e sedes da SGAE en España e no estranxeiro
(consultar os enderezos en www.sgae.es).

Os interesados poderán efectuar consultas ou ampliar información
sobre estas Bases en:

informacion@fundacionsgae.org
audiovisuales@fundacionsgae.org
www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

fundación  sgae



A Fundación SGAE, ante a demanda crecente de contidos no ámbito audiovisual, e fronte á necesidade de crear un marco promocional para estes que potencie a calidade da creación dos autores deste sector, así como a posta en marcha de proxectos cinematográficos a partir da creación de guións, convoca o XII Premio SGAE de Guión para longametraxe “Julio Alejandro”, bautizado así na honra do insigne guionista e dramaturgo español, cuxa obra tivo tanta repercusión sobre o cine iberoamericano.



BASES

01

Poderán presentarse a este certame todos os autores socios da SGAE que o desexen, de calquera nacionalidade, residentes na comunidade Iberoamericana.

02

Os guións presentados, escritos en calquera das linguas oficiais do Estado español ou dos estados iberoamericanos, deberán ser orixinais, inéditos e para longametraxes de ficción, e non se aceptará ningunha clase de adaptación de obras do mesmo autor ou doutros autores. A obra presentada non puido rodarse, nin estar comprometida con empresa audiovisual ningunha para este fin, desde o momento da súa presentación ao certame e ata o fallo do xurado. Igualmente, queda excluído deste certame todo guión que fose premiado nalgún outro concurso con anterioridade á súa presentación ao XII Premio SGAE de Guión para Longametraxe “Julio Alejandro” ou durante o período comprometido entre a súa presentación ao premio e o seu fallo.

03

Os orixinais deberán presenarse nalgún dos formatos convencionais que se empregan na profesión cinematográfica, e cunha extensión probable de metraxe adecuada ás filmacións habituais en España e Iberoamérica. Non se admitirán sinopses, tratamentos nin guións inacabados.

04

As obras presentaranse en soporte dixital (CD). Co fin de preservar o anonimato dos autores, as obras serán presentadas unicamente con indicación do título, que neste caso actuará como lema, dentro dun sobre, e no seu exterior especificarase claramente o mesmo título e o premio ao que opta.

Este sobre incluirá:

A

CD co documento do texto a concurso, sen ningunha identificación de autoría.

B

Plica: un sobre máis pequeno, con idéntico lema, que incluirá unha fotocopia do certificado de inscrición do guión no Rexistro da Propiedade Intelectual, unha fotocopia do DNI do concursante ou concursantes, a ficha de inscrición anexa a estas bases cumprimentada en todos os seus apartados, e un breve curriculum vitae do concursante ou concursantes. A esta documentación engadiráselle unha declaración do concursante autorizando a difusión da obra de forma restrinxida en foros de produción ou actividades promocionais, co fin de apoiar a súa posible realización cinematográfica. A ausencia de calquera destes documentos suporá a descualificación do concursante

05

O prazo de admisión de guións será do 25 de maio ao 15 de xullo (incluído) de 2015, e aceptaranse envíos certificados coa data límite, aínda que a súa recepción sexa posterior. O sobre deberá remitirse por correo certificado ou entregarse na Fundación SGAE (R/ Bárbara de Braganza, 7, 28004 – Madrid), ou en calquera das Sedes da SGAE en España e no estranxeiro (www.sgae.es).

06

O Xurado do Premio (designado pola Fundación SGAE, que tamén designará o seu Presidente) estará integrado por autores e profesionais do medio cinematográfico. O Xurado escollerá tres finalistas, que se anunciarán na primeira quincena do mes de outubro de 2015. O fallo definitivo do Xurado do Premio farase público nun acto na última semana de outubro de 2015.

07

O premio non pode ser declarado deserto, e a decisión do Xurado será inapelable. No suposto de existir empate de votos entre os membros do Xurado, o Presidente poderá facer uso do seu voto de calidade.

08

Este certame conta cun premio único e indivisible dotado con vinte e cinco mil euros (25.000 €). Os dous finalistas non galardoados recibirán tres mil euros (3.000 €) pola súa designación como tales. Estas contías serán sometidas á tributación que marque a lexislación vixente.

09

O autor ou autores premiados comprométese a que a firma de contratos de cesión posteriores á concesión do premio conste explicitamente que nas copias da longametraxe por realizar, tanto en soporte cinematográfico como videográfico, ou en calquera outro tipo de soporte ou material promocional, figure a mención “XII Premio SGAE de Guiones para Largometraje “Julio Alejandro” 2015” e o logotipo da Fundación SGAE.

10

O guión premiado podería ser publicado pola Fundación SGAE na data e co número de exemplares que esta entidade determine. Os dereitos de venda desta publicación serán percibidos polo autor ou autores desta. O autor ou autores da obra galardoada comprométese a asinar coa Fundación SGAE o correspondente contrato de edición nos termos habituais establecidos polo editor, no caso de que se realizase esa publicación.

11

Os exemplares das obras non seleccionadas como finalistas serán destruídos a partir da notificación do texto premiado. Non se devolverán os ditos exemplares, nin se manterá correspondencia ningunha sobre eles.

12

Os participantes, polo feito de concorrer a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, así como as decisións do Xurado.

13

Os participantes eximen á Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidese incorrer algún dos participantes.

14

En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital.